

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	16 de decembro de 2021
Duración	Desde as 20:00 ata 21:15 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable	Tipo de votación
Apróbase por unanimidade a acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 28.10.2021.	

2. Moción Psoe Nadal 2021

Favorable	Tipo de votación
<p>O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:</p> <p>EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.</p> <p>Como levamos vendo os membros desta corporación, sobre todo os que estamos na oposición, durante estes dous anos e medio de mandato, o goberno local está a incumprir ou mais ben a non levar a cabo as distintas mocións aprobadas nos plenos ou a levalas adiante só a parte que lles interesa, pero repito son moitas as mocións aprobadas e das cales non sabemos nada.</p> <p>Pois ben os socialistas de Outes non queremos prolongar esta situación outro ano máis así que como derradeira moción deste ano 2021 traemos esta a pleno na que instamos a esta corporación a tomar o seguinte ACORDO:</p> <p>1.- Crear unha comisión permanente na que participen todos os grupos da corporación de estudo e seguimento das distintas mocións xa aprobadas nos plenos do concello coa finalidade de saber cales son, de cando son e porque non</p>	



se levan a cabo.

2.- Convocala cada dous meses a primeiros de mes para que este seguimento sexa efectivo e se inclúan as aprobadas nos dous plenos anteriores.

DEBATE

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que Dende que Compromiso Outes entrou a gobernar este Concello vimos observando con preocupación o pouco valor que lle están a dar aos acordos plenarios derivados de Mocións presentadas e aprobadas, non executando a maioría dos compromisos adquiridos neste senso. Sen ir moi lonxe, todos fomos testemuñas no pasado Pleno do que manifestou o Sr. Alcalde con respecto á posibilidade de non cumprir un acordo aprobado en Pleno, dixo literalmente: *"Se queremos non traemos este asunto a Pleno e quedamos tan panchos..."*. A nos esa actitude e ese tipo de manifestacións non nos parece o mais correcto para quen ostenta o cargo de alcalde de Outes.

Polo que ao noso Grupo respecta, aínda estamos esperando a que se fagan efectivos acordos de Mocións presentadas por nos e aprobadas neste órgano colexiado, por exemplo, en Outubro do ano 19 o goberno municipal quedou comprometido a que a finais deste 2021 estiveran incluídas en Plans ao respecto e licitadas unha serie de obras que relacionábamnos nunha moción que foi aprobada, ademais de que se realizara unha valoración económica da totalidade delas antes do 31 de marzo do 2020. Tiveron dous anos e dous meses para cumprir o acordado, que ademais vostedes mesmos votaron a favor, e que sucedeu? Pois que a finalizando xa este ano 2021 non foron quen de cumprir e fáltanlle a metade das obras aprobadas por licitar. Do punto referente á presentar a valoración da totalidade antes do 31/03/2020, estamos esperando un ano e 9 meses despois de esgotar o prazo a que nos den a valoración de 7 delas. Outro exemplo moi significativo é outra moción presentada por nos en novembro do ano pasado, trátase da ampliación da estrada que une Entíns con Fontenlos, acordo que se tomou por unanimidade incluíndo os seus votos a favor, un ano despois desa ampliación nada sabemos, pero o mais incomprensible é que tampouco sabemos nada da segunda parte do acordo, na que o goberno se comprometía de maneira inmediata a adecentar e limpar a plataforma e as beiras do vial, labor que non supón ningunha complicación, e que como todos sabemos lles fomos recordando pleno a pleno dende fai un ano ante a súa absoluta pasividade e a nosa incomprensión ante esta forma de actuar do goberno que



ben sendo un exemplo flagrante do pouco respecto que mostran ante os acordos plenarios e, considero que incluso mais grave, ante as necesidades dos veciños.

En canto á execución de varias mocións presentadas por outros grupos e que nos apoiamos porque consideramos que a súa execución resultaría beneficiosa para os intereses dos veciños de Outes, tampouco temos novas de que se fixeran efectivas.

Cal é a súa política neste senso, Sr. Alcalde? Apoiar iniciativas para quedar ben cos veciños e seguidamente “pasar de todo”, porque xa é triste que nin siquera poñan en marcha moitos dos acordos que vostedes mesmos votaron a favor.

Xa estamos cansos de escoitar as escusas ás que tan habitualmente nos teñen acostumbrados para xustificar a súa lentitude, cando non, pasividade e inacción, témoslle escoitado dicir ao Sr. Alcalde en numerosas ocasións frases deste tipo:

- “Son asuntos moi enfarragados”, asegúrolle que non mais do que o eran noutras lexislaturas.
- “Temos pouco persoal”, teñen mais que en anteriores lexislaturas.
- “A herdanza do anterior goberno”, o que herdaron vostedes foi un Concello en funcionamento que daba resposta aos asuntos que lle correspondían.

O mais lamentable de todo é que esta parálises, lentitude e incumprimento de compromisos adquiridos non se ciñe unicamente á falta de execución dos acordos de mocións aprobadas en Pleno, senón que se traslada tamén a outros ámbitos, por poñer algún exemplo:

- Tardanza extrema na licitación de obras.
- Tardanza nos pagos aos provedores e mesmo a traballadores contratados polo concello.
- Ausencia de Orzamentos anuais, aprobados en tempo e forma, que permitan traballar coa economía do Concello en tempo real dándolle saída as necesidades dos veciños.
- Falta de atención aos rogos plenarios efectuados polos grupos da oposición. Rogos que na maioría das ocasións non requiren de grandes esforzos por parte do goberno e que a súa atención melloraría considerablemente a vida diaria dos nosos veciños, que é a motivación polo que llos facemos.



Se esta moción sae aprobada, esperamos que non teña por parte do goberno o mesmo tratamento que moitas outras, ignorando o seu cumprimento, e que sirva nalgunha medida para mellorar a situación na que nos encontramos.

Toma a palabra a Sr. Núñez voceiro do BNG que indica que dende o seu partido lamentamos que teñamos que chegar a este tipo de proposta e unha cousa tan básica como o diálogo. É moi triste que en máis de 2 anos en medio que o goberno aínda non asumira o seu papel, e que o papel do Goberno é gobernar e para iso hai que dialogar e chegar a consensos. É moi triste porque xa o ano pasado o BNG tivo que presentar unha moción pedíndolle máis transparencia e que se nos informara periodicamente e que se nos informara dos pasos que se foron dando. Xa non é que non se cumpran os termos desa moción na que pedíamos algo tan básico como a transparencia senón que nin sequera tiveron a intención de realizala. Non supón un gasto e son propostas que se resolven con intención e con ganas de traballar e o compromiso que teñen cos veciños. É moi triste. Como BNG tentamos cumprir coa nosa responsabilidade dentro das nosas capacidades e todo veciño pode ver que levamos máis de 30 propostas neste pleno, levamos presentados centos de rogos e preguntas. Cumprimos co noso traballo agora son vostedes os que teñen que cumprir.

Desas 30 mocións podemos dicir que cumpriron en parte tres ou catro na que moitas non supoñen un investimento económico e dean vostedes unha razón pola que non se cumpren máis. Incidir na falta de decoro que se ten nesta corporación.

Toma a palabra o Sr. González que indica que parécenos ben porque miren para que se cumpran os acordos plenarios, xa que é a súa labor, nese punto nós na medida do posible queremos atender aos acordos plenarios. Pero o goberno ten a súa folla de ruta, cun programa e un proxecto claro para este Concello e non vai renunciar a implementalo. Esta é a labor do goberno.

Sobre a cuestión en concreto da moción da creación da comisión non entendemos a que se refire porque xa existen órganos creados que están regulamentados polas normas existentes como o propio Pleno, como están facendo agora. Pero tamén temos a Xunta de voceiros que temos un regulamento orgánico na que se recolle esta. Para nós é a vía máis adecuada e por iso non imos apoiar esta proposta porque xa existen espazos para esta acción de control.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que si, ten razón, a nosa labor é mirar



polo cumprimento dos acordos das Mocións aprobadas en Pleno, e nos cumprímolo. Pero a súa labor é levalas adiante e executalas, e vostedes non o cumpren. Aí está a pequena diferenza. En canto ao que falou sobre a súa folla de ruta, non entendo para que a usan, debe ser para facer o que lles dea a gana sen ter en conta para nada as proposicións da oposición que son aprobadas. Non entra nesa folla de ruta cumprir co compromiso que adquiren cando se aproba unha Moción neste Pleno. Dedúcese polo que acaba de dicir.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que despois do exposto polos membros do Pleno non respondeu a nada do que dixemos e é porque sabe que esta é a realidade diaria. Tan sinxelo de ver como iso. Di que teñen unha folla de ruta e un proxecto claro pero non sabemos onde está, cal é? O que tiñan no programa que non están cumprindo? O que lle din aos veciños e logo non se lembran? Non hai un proxecto de goberno. Non están executando a maior parte das cousas que se aproban no pleno e que ademais non hai unha folla de ruta clara. Non seguen un criterios mínimos de cuestións urxentes.

Aínda que vostedes teñan intención de ter u proxecto non quita que se teñan que a ter ao que diga a Corporación municipal, niso se basea a democracia. A democracia é un dialogo constante dos representantes. O que debería de aprender é a escoitar e niso quédalle moito que aprender.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que pareceulle lóxico e normal que teñan unha folla de ruta e que a intenten seguir. O que xa non me entra a min é que diga que imos seguir a nosa folla de ruta e xa veremos se os acordos plenarios se poden cumprir. Claro que teñen elementos como levan as obras pero xustamente a política permítenos usar outros elementos como son a creación dunha comisión e iso é o que estou facendo, intentar crear unha comisión para facer un seguimento. Xa escoitou aos membros do Pleno. Paréceme normal que vostede queira seguir a súa folla de ruta, paréceme normal que eu como oposición use o dereito que teño de solicitar unha creación dunha comisión sobre o seguimento destas cuestións.

Toma a palabra o Sr. González que ten pouco que engadir, que existen órganos regulamentados para levar esta labor e que son nos que se teñen que levar a cabo estas medidas de control dos acordos que se tomaron no Pleno e imos facer referencia a estes órganos.

Durante a intervención da voceira do PP a Sra. Molinos incorpórase ao Pleno da



Corporación a Sra. Suárez.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 abstencións

PP: 5 votos a favor

BNG: 1 voto a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

- **Expediente 785/2021. Información Económico-Financeira:** Dar conta da mesma ao Pleno do Concello do plan económico-financiero.

C) ROGOS E PREGUNTAS

- PREGUNTAS

• Do PP:

1ª PREGUNTA. Segundo un Decreto de Alcaldía do 07/19/2021 celebrouse un contrato menor de servizos cunha empresa (MR. TURISMO MARKETING EN ACCIÓN, S.L.) por valor de 12.100 € denominado “ROTEIRO EMOCIONAL DOS CARPINTEIROS COS PES MOLLADOS”.

- ¿En que consiste esta actuación?
- ¿Con que concepto, ou conceptos se houbera mais de un, se corresponde concretamente este servizo?

Responde o Sr. González que xa foi presentado e xa está en funcionamento e do que se trata é máis que un físico o que trata é unha experiencia máis enriquecedora na alguén lle conta sobre a mesma. Consiste en ter en cada un dos sitios vai contando unha historia en cada un dos puntos. Os servizos concretos o desenvolvemento dun html cun web servizos dos contidos dixitais, desenvolvemento de contidos dixitais, desenvolvemento de deseño gráfico e traballos de campo e recursos e



documentación para documentar e a realización duns videos que se poden ver na páxina web.

Toma a palabra a Sra. Molinos que agradece a explicación de que é un roteiro emocional con tanta intensidade, pero mais ou menos xa sabíamos o que era. A nosa pregunta era en que foron invertidos eses 12.100€ do Concello, e bueno, xa nos dou vostede unas lixeiras indicacións de onde gastan vostedes 12.100€ dos veciños de Outes. O Sr. González apunta que este atópase financiado no 90%. Ao que a Sra. Molinos respoosta que as subvencións que dan outras administracións tamén son caros dos veciños e igualmente hai que gastalos coa mesma prudencia e responsabilidade.

2ª PREGUNTA. O pasado 17/11/21 o Sr. Alcalde decretou a aprobación da conta xustificativa do Fondo de Compensación Medioambiental, na que se inclúe o subministro de valados ambientais. Vemos que a día de hoxe eses valados non están colocados nas súas ubicacións de destino.

- ¿Cal é a razón de que non estean instalados e cando o pensa facer o goberno?

Responde o Sr. González que xa están mercados polo momento non houbo o tempo para colocalos e agardamos que se coloquen ao longo do mes de xaneiro. Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que non está mal, dende o 27 de Outubro que están pagados e suponse que acopiados tamén nese momento, pois está ben. Ironicamente dígolle que está ben.

3ª PREGUNTA. Dende fai un tempo estamos asistindo con preocupación a un grave problema de desabastecemento de subministracións a nivel mundial. Non sabemos se esta situación pode influír no desenrolo da execución do proxecto de MELLORA ENERXÉTICA DE DIVERSOS ALUMEADOS EXTERIORES DO CONCELLO DE OUTES subvencionado polo IDAE.

Por eso queremos saber:

- Consideran que este problema pode influír no desenrolo da actuación.
- ¿Cales son os prazos de execución e os tempos que teñen estimados para finalizar a execución desta actuación?



Responde o Sr. González que e aproveitando esta pregunta dou unha nova e que fixemos unha segunda adxudicación que foi recorrida ante o TACGal e este resolveu onte desestimando o recurso e hoxe procedimos á sinatura so contrato. Dende a sinatura do presente contrato que sería hoxe temos que facer a acta de comprobación no prazo de un mes e a execución é dun prazo de 6 meses. Sobre o que vostede comenta sobre o desabastecemento pero é un problema da empresa pero a empresa é a que ten que cumprir o contrato.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que efectivamente, é un problema da empresa pero que repercutiría na actuación que se vai facer, a empresa fixo unha redución de prazo de 4 meses, creo recordar, nun mes no que non había este problema de desabastecemento. Di vostede, que non lle entendín moi ben, que firmaron o contrato e que farán dentro de un mes a acta de replanteo, pero creo recordar que, se non estou equivocada, no Prego de Condicións pon que o prazo de execución comenza cando se firma a acta de replanteo, é dicir que acabaría 6 meses despois dese mes que din vostedes que teñen. Vou aproveitar o turno de rogos para pedirlle que non se durman nos laureis porque o prazo do IDAE, aínda que pode ser ampliado probablemente, acábbase no mes de xullo. É dicir que andan apuradillos.

Toma a palabra o Sr. González que indica que pensa que teñen información diferente posto que o prazo do IDAE acaba en decembro do 2022 porque houbo unha ampliación de 6 meses polo estado de alarma. Responde a Sra. Molinos que esa ampliación non sexa motivo de relaxación na súa labor.

- **Do Partido Socialista:**

PREGUNTA 1. O mes pasado adianteime a este Pleno cun rogo da presenza duns animais non moi ben queridos por diferentes lugares da nosa vila. Xa lle dixen que lles ía preguntar sobre este tema.

A día 25 de novembro e pasado un mes de que os puxérenos en alerta fixeron algún trámite ou estudo sobre estes animais no concello?
Está solucionado o problema?

Responde o Sr. González que segundo me comenta a Concelleira é que a última desratización produciuse o 28 de outubro e o mesmo día que fixo a pregunta no pleno anterior.



PREGUNTA 2. O mes pasado levamos unha moción polo tema da gratuidade das viaxes das rapaces e rapazas do noso Concello. A 25 de novembro de 2021 ademais da entrega das sinaturas que fixeron os afectados na Xunta de Galicia foron vostedes quen de falar cos responsables de mobilidade? E cales foron os resultados a día de hoxe?

Responde o Sr. González que xustamente ese mesmo día despois de acoller as sinaturas diriximos un escrito á dirección xeral de mobilidade e a conselleira de infraestruturas procede á lectura da resposta, na que non se poden beneficiarse da mesma e que se da traslado da mesma. Indica o Sr. González que falou co deputado provincial e co director territorial e comprometeuse a trasladarnos unha resposta a esta petición.

O Sr. Caamaño agradece por levalo tan axiña a onde tiña que levalo e fago un pequeno fincapé, esa carta é do 7 de decembro e a maiores que despois falou co responsable e que lle dirían algo. Ao mellor estamos esperando a comisión pertinente que sabe o grupo de goberno que lle corresponde para anunciarnos as conversas que tiveron sobre este asunto, a comisión de voceiros. Eu como voceiro hasta hoxe que me respondeu non sabía nada do tema como moitos outros. Agradece de novo a xestión do mesmo.

PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO:

- **Do BNG:**

PREGUNTA 1. -Vai rematar o 2021 e o seu goberno non terá presentado nin aprobado un orzamento para o ano vixente nin para o ano que vén. Tampouco temos constancia de ningunha negociación, canda menos connosco, para a aprobación do vindeiro POS 2022 que, como todos os anos, hai que sacar nestas datas e que, nesta ocasión, remata o prazo a comezos de febreiro. Teñen pensado, nalgún momento, dialogar co resto dos grupos municipais? Por que decidiron prorrogar o orzamento do 2020? Pensan prorrogalo tamén para o 2022?

Responde o Sr. González que se lles pasou pola cabeza e que si teñen pensado e que o están facendo con algúns dos grupos. E en canto ao orzamento nós no seu momento comenzamos unha negociación con vostedes e non se resolveu de xeito moi eficiente e valoramos e que sería oportuno a prórroga porque era viable dende o punto de vista do Concello. En canto aos de 2022 a nosa intención é presentalo. E en canto ao POS estamos falando con certos grupos.



Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que é sorprendente, xa que, o BNG tivo unha xuntanza en maio de 2021 co goberno e naquel momento pedimos unha información que non nos chegou e entendiamos que querían prorrogar os orzamentos. O lóxico que si naquel momento tomaron a decisión de prorrogar os orzamentos un ano a estas alturas xa tiñamos que estar votando cando menos neste pleno os orzamentos do ano que entra. En canto ao POS entendo que estará a falar co resto dos grupos pero un mínimo de información aínda que non negocien sería de agradecer. Ao que o Sr. González indica que a terán ao seu debido momento.

PREGUNTA 2. Cando o BNG rexistrou a moción para a defensa dos intereses da veciñanza fronte aos proxectos eólicos en Outes un dos puntos era que o concello xestionase o rexistro de mananciais veciñais para a súa protección. No seu momento dixéronnos que non era preciso e que non ían facelo. Agora resulta que están, soamente, recomendándolle aos veciños que fagan. Por que agora? Por que tardaron dous anos en decatarse da importancia de protexer os mananciais? Por que seguen sen cumprir con ese punto da nosa moción?

Responde o Sr. González que vostedes o que promovan era un rexistro e que non nos parecía que o Concello rexistrara as augas mananciais dos veciños que non están rexistradas. Iso foi o elemento discordante. Neste caso non cambiou nada, aos veciños que preguntaron se hai augas rexistradas están máis protexidas e na charla que se deu subliñamos ese feito. Toma a palabra a Sra. Suárez e indica que no punto en cuestión ao que fai referencia o que lle pediamos e que o Concello asumira o custe económico dos estudos necesarios daqueles manancial afectamos pola implantación dos parques eólicos. O subministrar auga potable é unha obriga do Concello outra cousa que hai traídas mananciais. Isto era o que lle pediamos. Non informa nin orienta nin asesora ao que se adica é a dar charlas e información que nun sitio di unha cousa e dous meses despois di unha cousa distinta, engana aos veciños de Outes.

PREGUNTA 3. Van manter o reforzo do PAI no primeiro trimestre do 2022? De non ser afirmativa a resposta, por que?

Responde o Sr. González que si que imos a manter ese reforzo porque no período de apertura de matrícula incorporáronse 5 rapaces máis con menos dun ano e é necesario o reforzo. Continúa a Sra. Suárez se non se quedarán curtos, están falando cos traballadores do PAI. O Sr. González indica que teñen un diálogo constante cos traballadores.



PREGUNTA 4. Que obras teñen previsto comezar no primeiro trimestre do 2022?

Responde o Sr. González que temos previsto comezar no primeiro trimestre de 2022 a previsión é que se comece a obra do IDAE, a reforma da EDAR e entre outras cousas iniciaranse as obras do POS 2021 xa contratadas e na anualidade de 2022 as obras de AGADER, esas como mínimo. E xa digo cautela. Indica a Sra. Suárez que presentaron as preguntas onte en prazo e que a pregunta é que obras teñen previsto comezar no primeiro trimestre ao que resposta o Sr. González que xa lle respondeu.

PREGUNTA 5. Por que decidiron en que investir o diñeiro do xeodestino sen consultar co sector? Logo de fachendear tanto de que ían buscar consenso e un diálogo permanente, parécelles ben o que están a facer dende o goberno?

Responde o Sr. González que manteñen un dialogo continuo co sector do turismo sempre con apoio ao sector pero hai cuestións que pola eficacia tomar decisións e neste caso cremos que vai contribuír a vida turística da Serra. Reitera o Sr. Suárez que o goberno din unha cousa e fan totalmente a contraria, non tendo diálogo co sector poderían ter feito e non o fixeron e a parte hai moitas outras cousas que afectan máis que esta obra, aínda que nos amañamos do arranxo da mesma. Vostedes están en minoría e o que escolle a veciñanza é a Corporación municipal e esta ao goberno.

PREGUNTA 6. Que xestións fixo co goberno galego para solventar e demandar o arranxo da situación coa pediatría no centro de saúde local?

Responde o Sr. González que o 19 de outubro mediante escrito coa xerente da área sanitaria do Barabanza indicándolle o malestar por non cubrir esta praza que estaba previsto que entrara en baixa e instámola a que solventar o problema canto antes e non obtivemos resposta. Resposta a Sra. Suárez que é xustamente o día que denunciaron a situación do pediatra na que a fixemos pública. Gustaríanos tomarnos en serio esta situación. O tema de pediatría este señor é profesor na universidade polo que ten unha xornada compartida e en reunións que tivemos o director de primaria xa nos trasladou que a intención era deixar a Outes cun pediatra 3 días por semana. Creo que debería estar atento para intentar prever esta situación. Cremos que algo máis poden facer para solventar o problema.

PREGUNTA 7. Mudaron de opinión con respecto ás obras da Ponte Nafonso? Segue pensando que é unha rehabilitación respectuosa co patrimonio?



Responde o Sr. González que seguimos pensando que a Xunta de Galicia ten que dar polo correcto desenvolvemento da mesma, pregunta a Sra. Suárez que se non se da será o Alcalde o que defenda os intereses dos veciños.

PREGUNTAS ORAIS:

- **Do PP:**

1ª PREGUNTA. Sorpréndenos que neste ano non se trouxera a Pleno a proposta de aprobación dos días festivos locais para o ano 2022 correspondentes ao noso Concello, tal e como se ven facendo tradicionalmente ao arredor do mes de Outubro. ¿Por que este ano non se procedeu da maneira habitual?

2ª PREGUNTA. Segundo un Decreto da Alcaldía de data 14/12/2021, o Sr. Alcalde avocou na súa persoa a competencia delegada na X.G.L. para o caso de adxudicación das obras de “Reforma e mellora da E.D.A.R. de Outes” debido a un tema de prazos, xa que o convenio firmado entre o Concello de Outes e Augas de Galicia polo que esta última entidade financia unha parte desta actuación, esixe que a adxudicación da obra se realice na anualidade 2021. ¿Cal é a razón pola que 5 meses despois de finalizar o prazo de presentación de ofertas para concursar á execución da obra non se procedeu a adxudicación da mesma ata agora e se fixo desta maneira, quizás precipitada?

- **Do BNG:**

PREGUNTA 1. Ate que momento van prorrogar o reforzo do PAI? e se consideran tendo en conta as incorporacións teñen conversado isto con traballadores e traballadoras do PAI e que nos den unha explicación.

7. ROGOS.

- **Do PP:**

1º ROGO. No Pleno de Decembro do ano pasado o noso grupo fíxolle unha pregunta ao goberno no senso de que veciños das rúas Agro das Mozas, Castelao e Tines nos mostraran o seu descontento porque non se instalaran ornatos de Nadal neses lugares nos que se sitúan varios comercios e negocios que fan que esa zona sexa moi transitada. O concelleiro Sr. Ramos contestounos “...que non se puidera facer mais xa que os orzamentos son os que son e para o ano se se pode instalar



algo mais estaremos encantados” . Efectivamente, os Orzamentos seguen sendo os que son porque non houbo cambios ao respecto, aí si que deron vostedes no cravo. Polo visto tampouco este ano encontraron a forma de ofrecerlle a eses veciños a posibilidade de que as súas rúas tamén poidan gozar de ambiente do nadal e de paso como dicía o Sr. Ramos quedar vostedes encantados.

Como eses mesmos veciños nos volveron a trasladar o seu malestar por esta situación, faremos o mesmo que o ano pasado e rogámoslle ao Goberno que lle dea unha volta ao asunto e adorne dalgún xeito esas rúas, porque pensamos que aínda están a tempo.

2º ROGO. A estrada que comunica Entíns con Fontenlos, lamento ser tan insistente pero é culpa sua non miña,, así como os veciños e usuarios da mesma parece que seguen sen ser merecedores da súa atención e aínda non tiveron a vontade de poñer remedio ao seu evidente deterioro. Vostedes saberán por que. Para nos a súa pasividade é incomprendible, por mais voltas que lle poidamos dar non chegamos a imaxinar os motivos da súa inacción. Por décimo terceira vez rogámoslle a este goberno que se adecente a estrada de Entíns a Fontenlos.

- **Do BNG:**

ROGO 1. No anterior Pleno fixemos unha pregunta do protocolo para a xestión dos animais abandonados no noso Concello e expuxeron que na actualidade estaba a ser xestionado por unha empresa e redactaron os servizos que manteñen. Dende o BNG gustaríanos saber cales foron os criterios e que alternativas tiña o Goberno para asumir esta responsabilidade. Polo que rogamos que se lle achegue aos distintos grupos da oposición un relatorio das distintas opcións a hora de escoller a empresa coa que están a traballar a golpe de contrato menor.

ROGO2. Os veciños da rúa do Tins e que antigamente coñecía-se como o Souto consideramos que é a ben conservar o topónimo orixinal do lugar e quizais barallar o nome da rúa. Rogamos ao goberno facer un estudo para a recuperación destes topónimos que agora mesmo están no esquecemento e darlle o valor, ben mudando nomes de rúas ou outras alternativas e canda menos aquelas rúas que teñen nomes recentes que estean ben e que non estean erróneas.

ROGO 3. Os usuarios do centro de día agora no inverno o teñen complicado chegar ao mesmo nas condicións meteorolóxicas desta época. Rogámoslle unha alternativa xa que estamos a piques de entrar no inverno e arranxen as baldosas desa rúa.



- **Do Partido Socialista:**

Os socialistas de Outes este mes non facemos preguntas nin rogos para que vostede e o seu grupo teñan un bo Nadal e non se preocupen moito pola nosa intervención e para todos e todas boas festas e bo nadal.

Toma a palabra o Sr. González que desexa boas festas a todos os veciños e veciñas.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Remata a sesión ás 21:15 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

